



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



CONCELLO DE OURENSE

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE OURENSE PARA A ORDENACIÓN E A EXECUCIÓN DE OBRAS NO MONTE PERIURBANO DE MONTEALEGRE PERTENCENTE AO CONCELLO DE OURENSE

En Ourense, 23 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, a conselleira do Medio Rural, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, na súa calidade de conselleira do Medio Rural, en virtude do Decreto 127/2015, do 4 de outubro (DOG nº 190, do 05/10/15) e das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Da outra parte, o Alcalde- Presidente do Concello de Ourense.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, co carácter no que interveñen, capacidade legal para formalizar o presente Convenio e para tal efecto

EXPOÑEN

Que a Consellería do Medio Rural está realizando investimentos para o desenvolvemento de zonas forestais, a mellora da viabilidade dos montes, e para aumentar a resiliencia e o valor medioambiental dos ecosistemas forestais.

A conselleira do Medio Rural asinará este convenio en aplicación do artigo 7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Que o Concello de Ourense é titular do parque Botánico de Montealegre, que precisa dunha serie de actuacións e de obras que teñen encaixe nos obxectivos anteriormente sinalados.

Por medio do presente convenio ambas as dúas administracións públicas pretenden colaborar na mellora dese espazo público mediante a ordenación do terreo forestal e a execución de determinadas obras que resalten o seu valor natural.

E co dito fin, pola concorrencia da vontade de ambas as dúas partes, formalizan o presente convenio ao abeiro da lexislación vixente, con arranxo ás seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

É obxecto do presente convenio articular a colaboración entre o Concello de Ourense e a Consellería do Medio Rural para que esta execute en terreos municipais sitos no parque botánico de Montealegre, as obras contidas nas encomendas de xestión para a ordenación e a creación de sendas e melloras de carácter ambiental do monte periurbano de Montealegre (Ourense) 32M40/16 y 32M41/16, presentadas pola Consellería no Concello de Ourense.

Segunda.- Compromisos que asume a Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do presente Convenio a comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, contrae as seguintes obrigas:

- Realizar os procedementos necesarios para encargar en legal forma a execución das actuacións aquí previstas.
- Financiar a totalidade das obras que encargue, cuxo importe total é de 58.866,37 € con cargo ás aplicacións orzamentarias 13.02.713B.604.4 (56.788,90 €) e 13.02.713B.640.1 (2.077,47 €).
- Designar un técnico con titulación de enxeñeiro forestal ou enxeñeiro de Montes para que realice as funcións de supervisar os traballos e as encomendas
- Entregar ao Concello as obras correctamente executadas.

Terceira.- Compromisos que asume o Concello de Ourense.

En virtude do presente Convenio o Concello de Ourense contrae as seguintes obrigas segundo se dispón no Acordos do Concello de Ourense do 14/07/2016 e 28/07/2016, asinados o 03/08/2016.

- A posta a disposición, libre de cargas e gravames, de tódolos terreos necesarios, con usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levar a cabo a mesma.
- A asunción das obrigas económicas que, no seu caso, se deriven do acordo de cooperación, para o que certificará a inclusión daqueles nos seus respectivos orzamentos.
- A renuncia expresa a reter da achega da corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras.
- O compromiso, no seu caso, de formalizar os desembolsos económicos a medida que se lle solicite polo órgano encargado da obra.
- A obriga de asumir, unha vez recepciónadas provisionalmente as obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.



Cuarta.- Comisión de Seguimento

Para o adecuado control deste Convenio constituirase unha Comisión de Seguimento con dous representantes de cada administración.

Quinta.- Vixencia, prórroga e resolución do contrato.

O presente convenio surtirá efecto a partir da data da súa sinatura e estendéndose a súa vixencia ata que se recepcionen e entreguen as obras. Esta vixencia será a prevista nos proxectos de obra (3 meses). En todo caso, rematará o 31/12/2016. O dereito a denunciar o presente convenio poderá ser exercido tamén por calquera das partes, sendo requisito suficiente comunicalo fehacientemente á outra parte cunha antelación mínima de dous meses.

O incumprimento por calquera das partes asinantes dalgunha das estipulacións recollidas no presente Convenio, faculta á outra parte para solicitar a súa resolución.

Sexta.- Natureza Xurídica deste Convenio

O presente Convenio ten natureza xurídico- administrativa, en base ao disposto no artigo 57 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co artigo 9 da lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Sétima.- Xurisdición competente

As cuestións litixiosas que se susciten entre as partes, serán, se é o caso, sustanciadas ante a Xurisdición contencioso- administrativa.

Octava.- Aceptación e sinatura

As partes outorgantes, na respectiva representación que ostentan, aceptan o contido das anteriores estipulacións e, para a súa constancia, asinan o presente convenio na cidade e data o principio sinaladas.

A conselleira do Medio Rural.

O alcalde-presidente do Concello de Ourense